



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Xaneiro 2022**

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2022

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en xaneiro de 2022 un incremento do 0,4% con respecto a xaneiro de 2021; en España o crecemento foi do 4,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo aumentaron un 21,6% e os bens intermedios un 11,9%. En senso contrario, os bens de equipo diminuíron un 2,9% e a enerxía un 23,3%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “confección de roupa de vestir” que achega 2,7 puntos, a “industria da madeira e cortiza” que suma 2,1 puntos e a “industria da alimentación”, que achega 1,1 puntos a taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “producción de enerxía eléctrica” que resta 8,0 puntos e a “fabricación de vehículos de motor”, cunha repercusión de -1,2 puntos na taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2022

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %	Índice	VARIACIÓNS (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	<b>Xeral</b>	101,7	0,4	0,4
	<b>Bens de consumo</b>	116,0	21,6	21,6
	<b>Bens de equipo</b>	96,6	-2,9	-2,9
	<b>Bens intermedios</b>	113,4	11,9	11,9
	<b>Enerxía</b>	83,1	-23,3	-23,3

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xaneiro de 2022 un incremento do 0,4% con respecto a xaneiro de 2021; en España o crecemento foi do 4,0%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 21,6%, e achegan 4,7 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -2,9%, o que resta 0,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 11,9%, cunha repercusión positiva de 3,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 23,3% e resta 6,5 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de decembro de 2021, por destino económico, os bens de consumo melloran 8,5 puntos, os bens de equipo 5,8 puntos, os bens intermedios 3,5 puntos e a enerxía empeora 12,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


Atendendo ás distintas ramas industriais o decrecemento interanual en xaneiro do 0,4% débese principalmente á achega positiva (11,7 puntos) de dezasete ramas; as principais foron: a “confección de roupa de vestir” que achega 2,7 puntos, a “industria da madeira e cortiza” que suma 2,1 puntos e a “industria da alimentación”, que achega 1,1 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (11,3 puntos) de nove ramas, as principais foron: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 8,0 puntos e a “fabricación de vehículos de motor”, cunha repercusión de -1,2 puntos na taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xaneiro moveuse entre o 14,3% de Murcia e o -10,1% de Extremadura. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Andalucía (13,1%), Asturias (12,2%), País Vasco (11,4%), Castilla - La Mancha (9,0%), Illes Balears (7,8%), Canarias (6,4%) e Madrid (5,4%).

#### IPI Xaneiro 2022 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xaneiro 2022**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	101,7	0,4	0,4	--	--
Bens de consumo	116,0	21,6	21,6	4,7	4,7
Bens de equipo	96,6	-2,9	-2,9	-0,7	-0,7
Bens intermedios	113,4	11,9	11,9	3,0	3,0
Enerxía	83,1	-23,3	-23,3	-6,5	-6,5
<b>España</b>					
Xeral	99,5	4,0	4,0	--	--
Bens de consumo	96,2	8,5	8,5	2,0	2,0
Bens de equipo	93,8	2,3	2,3	0,5	0,5
Bens intermedios	103,1	3,9	3,9	1,2	1,2
Enerxía	104,5	1,1	1,1	0,3	0,3

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro 2022**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>0,4</b>		<b>0,4</b>		
Confección de roupa de vestir	68,4	2,7	68,4	2,7	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	52,5	2,1	52,5	2,1	3,6
Industria da alimentación	8,5	1,1	8,5	1,1	13,2
Fabricación de mobles	105,5	0,9	105,5	0,9	1,1
Outras industrias extractivas	120,8	0,8	120,8	0,8	1,1
Industria química	50,6	0,6	50,6	0,6	1,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	7,8	0,5	7,8	0,5	7,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	22,0	0,5	22,0	0,5	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	13,1	0,3	13,1	0,3	2,0
Outras industrias manufactureiras	32,0	0,2	32,0	0,2	0,5
Fabricación de bebidas	4,2	0,1	4,2	0,1	3,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,3	0,0	1,3	0,0	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,4	0,0	0,4	0,0	2,5
Industria téxtil	-27,4	-0,2	-27,4	-0,2	0,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-4,2	-0,2	-4,2	-0,2	5,1
Fabricación doutro material de transporte	-38,4	-0,5	-38,4	-0,5	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-35,6	-0,5	-35,6	-0,5	1,4
Industria do papel	-24,3	-0,6	-24,3	-0,6	2,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-7,9	-1,2	-7,9	-1,2	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-32,4	-8,0	-32,4	-8,0	22,3
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xaneiro 2022**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>99,5</b>	<b>4,0</b>	<b>4,0</b>
Galicia	101,7	0,4	0,4
Andalucía	99,2	13,1	13,1
Aragón	98,0	-2,3	-2,3
Asturias	108,4	12,2	12,2
Balears (Illes)	78,5	7,8	7,8
Canarias	88,8	6,4	6,4
Cantabria	108,2	2,9	2,9
Castilla - La Mancha	96,7	9,0	9,0
Castilla y León	88,7	-3,3	-3,3
Cataluña	97,2	-0,2	-0,2
Comunitat Valenciana	101,8	3,9	3,9
Extremadura	88,1	-10,1	-10,1
Madrid	103,5	5,4	5,4
Murcia	115,4	14,3	14,3
Navarra	98,0	-3,2	-3,2
País Vasco	103,9	11,4	11,4
Rioja (La)	84,5	-0,6	-0,6

Fonte: INE